

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica do paciente, o consentimento informado prestado polo afectado para toda actuación no ámbito da súa saúde será:

- A) Verbal, en casos excepcionais.
- B) Por escrito, por regra xeral.
- C) Verbal nos procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- D) Por escrito nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.

2. Segundo o artigo 39 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, á Comunidade Autónoma correspóndelle a creación e estruturación da súa propia Administración Pública dentro:

- A) Da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.
- B) Dos principios xerais e normas básicas do Estado.
- C) As disposicións recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

3. Que materias están excluídas da obrigatoriedade da negociación colectiva segundo o artigo 80.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde:

- A) A determinación e aplicación das retribucións do persoal estatutario.
- B) Os plans de acción social.
- C) As materias relativas á prevención de riscos laborais.
- D) A determinación das condicións de traballo do persoal directivo.

4. Cales son os prazos de prescrición das faltas disciplinarias segundo o artigo 72.6 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de Saúde:

- A) Moi graves: 4 anos; graves aos 2 anos e leves aos 6 meses.
- B) Moi graves aos 2 anos; graves ao ano e leves aos 3 meses.
- C) Moi graves aos 2 anos; graves ao ano e leves aos 6 meses.
- D) Moi graves ao ano; graves aos 6 meses e leves aos 3 meses.

5. O artigo 25 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazos do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde dispón que nos procesos de selección do persoal estatutario fixo, reservarse, con carácter xeral, para promoción interna, a seguinte porcentaxe das prazas convocadas:

- A) 30 por cento.
- B) 50 por cento.
- C) 25 por cento.
- D) 45 por cento.

6. Segundo o artigo 30.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia é parte integrante do:

- A) Sistema Internacional de Saúde.
- B) Sistema Nacional de Saúde.
- C) Sistema Mundial de Saúde.
- D) Sistema Municipal de Saúde.

7. Segundo o artigo 10 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, todos teñen os seguintes dereitos, respecto ás distintas administracións públicas sanitarias:

- A) A que se lle asigne un médico, cuxo nome daráselle a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial
- B) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.
- C) A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxerencias nos prazos previstos.
- D) Todas as respostas son correctas

8. Segundo o artigo 7 da vixente Constitución Española e respecto aos sindicatos dos traballadores:

- A) Contribúen á salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores.
- B) Contribuen á promoción económica do país procurando a defensa dos intereses colectivos.
- C) Contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lle son propios.
- D) Contribúen á fixación dos intereses sociais e económicos de todos os traballadores.

9. De acordo co artigo 68 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a quen corresponde elaborar o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Sergas?

- A) Ao Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde.
- B) Ao Comité executivo do Servizo Galego de Saúde.
- C) Á Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- D) Á Dirección Xeral do Servizo Galego de Saúde.

10. A definición contida no artigo 4. 1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais como "conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo" corresponde a:

- A) Risco Laboral
- B) Prevención
- C) Risco laboral grave ou inminente
- D) Equipo de traballo

Preguntas de reserva

1. O Título IV da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia denomínase:

- A) Da Economía e a Facenda
- B) Da Reforma
- C) Do Poder Galego
- D) Das competencias en xeral

2. O funcionario en suspensión provisional de funcións terá dereito a percibir, segundo o establecido no artigo 75.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde:

- A) O 75 por cento das retribucións totais.
- B) As retribucións básicas.
- C) As retribucións básicas e complementarias.
- D) As retribucións básicas, complementarias e, no seu caso, as prestacións familiares por fillo a cargo.